

Nª resol	1220
Fecha	02/08/11

1024 RBF

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da execución da obra denominada "RECUPERACION ENTORNO IGREXIA SANTIAGO DO BURGO-CULLEREDO", a adxudicar mediante procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración.

ANTECEDENTES

1. O 30 de marzo de 2011, mediante Resolución nº 419-2011 da Concelleira delegada de economía, facenda, réxime interior e seguridade, desísteuse do procedemento de licitación da obra de "RECUPERACION DEL ENTORNO DE LA IGLESIA DE SANTIAGO DE O BURGO-CULLEREDO", incluída no proxecto DINAMO, por terse detectado no procedemento de adxudicación a comisión dunha infracción non subsanable. No mesmo acordo reiníciase o procedemento para a adxudicación deste contrato, abrindo un novo prazo de presentación de ofertas a partir da publicación do correspondente anuncio da licitación no DOG, BOP, no diario La Opinión de A Coruña e perfil do contratante deste concello, aprobándose un novo prego de cláusulas administrativas particulares.
2. Para tal efecto os días 11, 12 e 13 de maio de 2011, publícanse anuncios da licitación no perfil do contratante, no DOG, no BOP e no diario "La Opinión de A Coruña", respectivamente, no que se solicitaban ofertas de empresas capacitadas para a súa realización.
3. A Mesa Xeral de contratación en sesións celebradas o 19, 24 e 30 de maio analizou a documentación administrativa, resulta que todos os licitadores teñen capacidade suficiente para ser admitidos no procedemento de contratación, e se solicita da Área do Medio, Servizos e Obras a valoración das mesmas.
4. En sesións da Mesa Xeral de contratación de 12 e 18 de xullo, unha vez que se viu o informe que emite o técnico municipal e as ofertas económicas que se presentaron, clasificáronse as ofertas admitidas á licitación.
5. O 18 de xullo de 2011 de conformidade co disposto polo apartado segundo do artigo 135 da Lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP) requíriuse ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentara a documentación esixida.
6. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. Comprobase que non ten débedas en período executivo con este concello.

C.I.F. P-1503100-H

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 144 LCSP establece que no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, o órgano competente para a valoración das ofertas formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario

2. O artigo 135 LCSP establece no seu apartado terceiro que a adxudicación deberá elevarse a definitiva dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O apartado cuarto establece que a adxudicación deberá ser motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente a obra “Recuperación entorno da Igrexia de Santiago de O Burgo-Culleredo” á empresa JARDIN CELAS, S.L., CIF B-15538135, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se estableceron, fixando o prezo en 300.584,20 €, IVE engadido, e o prazo de execución en 92 días naturais.

a) En relación cos candidatos descartados, as súas ofertas foron desestimadas polas seguintes razóns, expostas de xeito resumido.

Os licitadores que non superaron os 16 puntos na Fase I, de conformidade co sinalado na cláusula 15.1 do PCAP que rexe a presente licitación, non continuarán no proceso selectivo.

C.I.F. P-1503100-H

Licitador	programa de traballo e protección ambiental	programa control calidade	proxecto seguridade e saúde	Subtotal fase 1
Construcciones en Piedra Sigrás SL	4,5	7,57	3	15,07
Eulogio Viñal obras y co.S.A.	3	6,05	5,5	14,55
Generoso Angeriz, S.L.	1,25	1,8	1	4,05
Intemaga, S.L.	5,5	3,92	3	12,42

Aberta a oferta económica e de redución de prazos, a Mesa Xeral de contratación en sesión celebrada o 18 de xullo de 2011, acorda outorgar as seguintes puntuacións:

Licitador	Puntuación fase I	Puntuación redución prazo	Puntuación prezo	Puntuación fase II	Puntuación Total
Proyecta actividades profesionales de la construcción SL	34,57	10	38,44	48,44	83,01
Copcisa SA	38	8,31	33,6	41,91	79,91
Terrauga proyectos y obras SL	29,3	8,86	36,45	45,31	74,61
Alvac SA	28,3	8,86	33,07	41,93	70,23
Obras y viales de galicia, S.L.	33,07	8,79	28,16	36,95	70,02
Pacsa servicios urbanos y del medio natural, S.L.	21,06	8,31	40	48,31	69,37
Ogmios proyectos SL	28,55	8,17	31,65	39,82	68,37
Infoforest medioambiente SL	22,03	8,2	37,44	45,64	67,67

Canalizaciones estructuras y obras construcciones SL	20,55	7,01	38,06	45,07	65,62
Construcciones D Ogando SL	24,15	8,31	30,03	38,34	62,49
Construcciones J Carro Sa	23,55	7,32	31,36	38,68	62,23
Proquintas SA	23,95	8,86	28,32	37,18	61,13
Decoraciones J Bello SL	23,82	8,31	27,42	35,73	59,55
Atesvi SL	28,07	7,32	23,66	30,98	59,05
C. Aldasa SLU	31,57	8,79	16,38	25,17	56,74
Arias hermanos construcciones SA	26,07	3,84	23,78	27,62	53,69
Ferorsa proyectos y obras SA	24,06	7,32	20,59	27,91	51,97
Consalpa obras y proyectos SL	27,55	7,32	17,03	24,35	51,9
Canarga SL	29,05	5,74	16,48	22,22	51,27
Hordescon SL	23,3	8,86	19,01	27,87	51,17
Construcciones Canosa SL	19,07	4,16	26,57	30,73	49,8
Anchergues e asociados SL	27,75	8,86	7,39	16,25	44
Neor SA	21,62	4,16	17,19	21,35	42,97
Contratas y desarrollos urbanos 05	18,55	7,32	5,08	12,4	30,95
Construcciones López y Leis SA	18,05	1	6,14	7,14	25,19
Servicios gestiones y contratas SA	20,41	3,84	0,48	4,32	24,73

SEGUNDO.- Requerir ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a sinatura do contrato.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.4 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación no perfil de contratante do órgano de Contratación.

CUARTO.- Nomear director das obras a D. Edmundo Varela Lema, xefe de servizo de Medio Ambiente e Servizos.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a

contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 01 de agosto de 2011.

A proposta de
O xefe de servizo de economía e facenda

Intervido e conforme,
A interventora xeral

Asdo.: Roberto Babío Fernández

Asdo.: Ana M^a Prieto Martínez

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
O alcalde

Dou fe,
A secretaria xeral accidental

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

Asdo.: M^a Dolores Rivera Torres

C.I.F. P-1503100-H